



## GUIA PROTOCOLO COVID19 PARA O ALUMNADO CIFP COROSO (CURSO 2020-21)

### ENTRADA NO INSTITUTO

- ✓ Comprobar que NON teño ningún dos tres síntomas da COVID19 (febre, tos seca ou dificultade para respirar)
- ✓ Levar sempre a mascarilla posta dentro e fora do centro (máis unha de reposto), incluído patio e outros espazos comúns (o incumprimento desta norma considerarase unha conduta contraria ás normas de convivencia do centro)
- ✓ Ao entrar, hixienizar as mans usando os dispensadores de hidroxel situados no hall
- ✓ Entrar e circular polos pasillos e escaleiras respectando a sinalización, gardando sempre a distancia de 1.5 m e evitando aglomeracións
- ✓ Nos espazos comúns respectar a distancia de seguridade
- ✗ NON está permitida a entrada a persoas alleas á comunidade educativa
- ✗ NON está permitido fumar a menos de 50 m do recinto escolar (entradas, parking, etc).

### DURANTE AS ACTIVIDADES LECTIVAS NO CIFP

- ✓ Entrar na aula ou taller, ocupando sempre o posto asignado pola titora ou titor
- ✓ Nas entradas e saídas das aulas ou talleres, hixienizar as mans co xel hidroalcohólico
- ✓ Non compartir material escolar, enseres persoais e ferramenta de uso habitual.
- ✓ Evitar o uso dos colgadores ou outros espazos comúns con enseres persoais, empregar no seu lugar o pupitre e a taquilla persoal
- ✓ Desinfectar a ferramenta de uso compartido, antes e despois de usala
- ✓ Desinfectar as mans antes e despois de usar teclados e ratos de ordenadores de uso compartido
- ✓ Hixienizar o posto de traballo ou pupitre ás entradas e saídas de aulas e talleres

### RECREOS E ACTIVIDADES EN ESPAZOS COMÚNS

- ✗ Está prohibido permanecer nos baños, pasillos, escaleiras, etc, agás nas aulas habilitadas para ocio ou lecer
- ✓ Só se permitirán puntos de encontro no exterior do edificio, respectando a distancia de seguridade e as medidas hixiénico-sanitarias
- ✓ Acceder aos espazos comúns respectando o aforo dos mesmos e a distancia de seguridade (biblioteca, aulas de convivencia, cafetería, patios exteriores, etc)
- ✓ Evitar tocar superficies de uso común (pasamáns, pomos de portas, pulsadores de ventana, etc). No caso de facelo, hixienizar as mans.
- ✗ NON está permitido o uso de xogos ou obxectos de uso compartido



- ✗ NON retirar a mascarilla nos espazos comúns agás no caso que sexa imprescindible e seguindo as instrucións do persoal responsable (nomeadamente na cafetería).

### SAÍDAS DO INSTITUTO

- ✓ Hixienizar as mans e saír da aula ou taller escalonadamente, evitando aglomeracións
- ✓ Circular polos pasillos e escaleiras respectando a sinalización establecida, gardando a distancia de seguridade de 1.5 m e evitando aglomeracións
- ✓ Asegurarse de saír polas portas indicadas
- ✓ A saída farase directamente ao exterior do recinto escolar

### SE ME ENCONTRO MAL NO CENTRO

- ✓ Avisar ao profesor responsable da aula, taller ou espazo común, que comprobará se existe algún dos tres síntomas compatibles coa COVID19 (febre, tos seca ou dificultade respiratoria)
- ✓ Neste caso acudir ao profesor de garda, algún membro do equipo directivo ou conserxe, que tomará as medidas segundo o protocolo

### SE ME ENCONTRO MAL ANTES DE ASISTIR AO CENTRO

- ✗ NON asistir ao centro se teño síntomas compatibles con COVID19 (febre, tos seca ou dificultades respiratorias)
- ✗ NON asistir ao instituto se o resultado das probas é positivo ou dubidoso
- ✓ Comunicar ao centro telefonicamente a non asistencia e o motivo no mesmo día, incluso se o diagnóstico non é definitivo